



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO VINTE E OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 28 de outubro de 2024, ás 11:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Constantino Fernández Vila
Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

CONCELLEIROS/AS AUSENTES

María Josefa Álvarez Bugallo

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Expediente 2024/C003/00004. Proposta de adxudicación do contrato da obra “Mellora do acceso a Limiñoa dende DP-6805 e outros (Pos+2024)”

A secretaria le a proposta.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS: <<MELLORA DO ACCESO A LIMIÑO A DENDE DP-6805 E OUTROS (POS+2024)>>, EXPTE. 2024/C003/000004

Considerando que para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en relación co artigo 116 do citado texto legal, esta Alcaldía entende necesario proceder á execución da obra denominada << MELLORA DO ACCESO A LIMIÑO A DENDE DP-6805 E OUTROS (POS+2024)>> cun valor estimado de 141.293,10 euros, IVE 29.671,55 euros, totalizando un orzamento base de licitación de 170.964,65 euros, e segundo o proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992, en xaneiro de 2024, e aprobado polo acordó plenario do 07/02/2024, o cal contén toda a documentación prevista nos artigos 231 e 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público – LCSP 2017.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en calidade de órgano de contratación, xustifícase a necesidade de acudir



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais con que conta o Concello de Ponteceso para poder executar a obra, para a que se conta co financiamento da Deputación da Coruña, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal: POS+2024. Acredítase consignación orzamentaria suficiente na partida orzamentaria 2024.1532.24J1.61900, polo importe de 170.964,65 euros, segundo a retención de crédito practicada pola Intervención na data de 06/08/2024.

No cumprimento do disposto na Resolución da Alcaldía número 613/2024, de 30 de xullo, neste procedemento empregárase o Prego tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexeitar para contratación mediante o procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais, todo isto consonte ao establecido no artigo 159.1 e seguintes da LCSP.

Os terreos sobre os cales se vai a executar as obras, obxecto do presente contrato, son viais pertencentes á vía pública municipal, en que en ningún caso sexa necesario contrar coa autorización de particulares. Consta a aprobación do proxecto polo acordó plenario do 07/02/2024, actas de replanteo do autor do proxecto anterior á aprobación e a expedida a posteriori da aprobación do proxecto.

Cóntase igualmente coas autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio, Augas de Galicia e da Deputación Provincial da Coruña.

Logo de ver os informes preceptivos de Secretaría do 06/08/2024 e de Intervención do 13/08/2024.

Logo de ver o acordo da Xunta de Goberno Local do 14/08/2024, polo que se aproba o expediente de contratación.

Constan os documentos xustificativos da súa tramitación electrónica e publicidade por medio da Plataforma de Contratación do Sector Público, así como as actas das reunións celebradas pola mesa de contratación e da súa proposta de adxudicación acordada na reunión de data 10/10/2024 a favor da oferta considerada con mellor relación calidade-prezo que corresponde coa empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, SL, no prezo de 125.510,00 €, máis 26.357,10 € de IVE, totalizando 151.867,10 € e demais condicións da súa oferta. Consta a acta da celebrada o día 21/10/2024 na que se cualificou a documentación presentada pola proposta como adxudicataria e esixida na cláusula 16.1 do PCA, entre a que se encontra a garantía definitiva polo importe do 10% da súa oferta económica, excluído o IVE (12.551,00 €), acordando darlle a súa conformidade.

Constan as ofertas económicas presentadas para o control de calidade da execución da obra solicitadas a tres empresas capacitadas, sendo a correspondente a GESTECNIC, polo importe de 1.052,70 €, IVE incluído, a que presenta o prezo máis baixo, igualmente para a coordinación da seguridade e saúde da obra solicitouse a presentación de oferta económica a tres empresas capacitadas, sendo a correspondente a SEGURICON (Adrián Carlos Laíño Gallegos), polo importe de 647,35 €, IVE incluído, a que presenta o prezo máis baixo.

Cóntase tanto para os traballos de control de calidade como para os de coordinación de seguridade e saúde cos correspondentes RC's asinados pola Intervención, con data 11/07/2024.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Logo de ver o informe de fiscalización do expediente previo á adxudicación do contrato, asinado pola interventora o 25/10/2024.

A competencia municipal en relación co obxecto do contrato ven atribuída polo artigo 25.2, apartados b) e l), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e pola Resolución número 555/2023, de 3 de xullo, modificada pola Resolución número 734/2023, de 8 de setembro, na que consta que a aprobación e adxudicación de expedientes de contratación e concesión de obras, servizos e subministracións cando o seu valor estimado non exceda do 10 % dos recursos ordinarios do orzamentos nin, en calquera caso a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non superen nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do primeiro exercicio nin a contía sinalada. Quedan excluídos desta delegación aqueles contratos cuxa contía non supere a establecida no artigo 118 da LCSP, referido a contratos menores así como os que se tramiten por procedemento aberto simplificado sumario conforme o artigo 159.6 da LCSP. A Alcaldía poderá avocar competencia nos supostos de urxencia debidamente motivada, e dará conta a XGL na vindeira sesión que se celebre.

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas pola lexislación vixente e, en concreto, en virtude do disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e tendo en conta a Resolución da Alcaldía núm. 555/2023, de 3 de xullo, modificada pola Resolución núm. 734/2023, de 8 de setembro, que delega a adxudicación na Xunta de Goberno Local.

Por todo elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Excluir do proceso de licitación ás empresas GR CONSTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS, SLU e a SYR-AMG, SL por non xustificar convenientemente as súas ofertas con valores anormalmente baixos, conforme establece a cláusula 15.4 do PCAP, segundo os informes correspondentes para o efecto dos Servicios Técnicos Municipales incorporados ó expediente.

Segundo.- Adxudicar o contrato de obras denominado: << MELLORA DO ACCESO A LIMIÑO A DENDE DP-6805 E OUTROS (POS+2024)) EXPEDIENTE: 2024/C003/000004>>, á empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, SL, polo importe de 125.510,00 €, máis 26.357,10 € de IVE, totalizando 151.867,10 €, cun prazo de execución de 6 meses, e demais condicións da súa oferta, ó ser considerada a de mellor relación calidade-prezo.

Terceiro.- Dispoñer un gasto por importe de 170.964,65 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2024.1532.24J1.61900.

Cuarto.- Nomear como director da obra ó arquitecto, Gonzalo García Martínez, colexiado núm. 1.897, quen exercerá tamén as funcións de responsable do contrato, como sinala o artigo 62 da Lei de Contratos do Sector Público.

Quinto.- Nomear á empresa GESTECNIC para que realice as funcións de control de calidade, segundo a súa proposta presentada.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Sexto.- Nomear á empresa SEGURICON (Adrián Carlos Laiño Gallegos) para realizar as tarefas de coordinación de seguridade e saúde, segundo a súa proposta presentada.

Sétimo.- Notificar o acordo ó director da obra e responsable do contrato, ó coordinador de seguridade e saúde, á empresa que realizará as tarefas de control de calidade externa, así como ás empresas licitadoras e ó contratista, e emprazalo para que no prazo máximo de 15 días hábiles, consonte ao artigo 153.3 da LCSP, contados a partires do seguinte a aquel no que reciba a notificación deste acordo, proceda a sinatura do contrato, debendo previamente comunicar o nome da persoa con poder suficiente para a súa sinatura, no nome e na representación da empresa.

Oitavo.- Publicar a adxudicación definitiva e a sinatura do contrato no Perfil do Contratante.

Noveno.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto na Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Ponteceso, na data da sinatura dixital/ O alcalde/ José Manuel Mato Martínez”

Sometida a votación a Xunta de Goberno Local acorda aprobar por catro votos a favor a proposta presentada

2 Expediente 2023/C003/000005. Proposta de certificación núm. 3 e final da obra “Pavimentación rúa dos Condes e Barrio Fontiñas”, financiada con cargo ao POS+2023

A secretaria le a proposta.

“**ASUNTO:** APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN 3ª E FINAL DA OBRA PAVIMENTACIÓN RÚA DOS CONDES E BARRIO FONTIÑAS- FINANCIACIDA CON CARGO Ó POS+2023.

EXPEDIENTE: 2024/G006/000052

ANTECEDENTES:

- Expediente de contratación da obra: PAVIMENTACIÓN RÚA DOS CONDES E BARRIO FONTIÑAS, financiada pola Deputación provincial mediante o POS+2023 e adxudicada á empresa EXCAVACIONES POSE, S.L. co CIF B15626922. Expdte.: 2023/C003/000005
- Certificación TERCEIRA e final da obra de referencia, expedida polo técnico director da mesma, Pablo Blanco Ferreiro, e asinada pola representante da empresa contratista, Ramón Pose López, por importe de 25.151,91 €.
- Acta de recepción de data 25/09/2024.
- Visto informe de fiscalización emitido pola intervención municipal que obra no expediente de data 24 de outubro de 2024, con referencia MGM.24.10.24.2.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- Visto que de conformidade co disposto no art. 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e o establecido no prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación: “Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo previsto na lei”.

É polo que esta Alcaldía, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a certificación terceira e final da obra “PAVIMENTACIÓN RÚA DOS CONDES E BARRIO FONTIÑAS), financiada pola Deputación provincial mediante o POS+2023 con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 do proxecto 2023/2/23V, por importe de 251.151,91 €

REXISTRO CONTABLE	F/2024/1594, do 20/08/2024
FACTURA: NÚM. E DATA	
FACTURA: NÚM. E DATA	024-33, 20/08/2024
CONTRATISTA	EXCAVACIONES POSE, S.L. CIF B15626922
CONCEPTO	Certificación núm. 3 da obra: PAVIMENTACIÓN RÚA DOS CONDES E BARRIO FONTIÑAS
IMPORTE	25.151,91 €

Segundo.- Ordenar o pago.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao servizo de Intervención-Tesourería.

En Ponteceso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde José Manuel Mato Martínez”

Sometida a votación a Xunta de Goberno Local acorda aprobar por catro votos a favor a proposta presentada.

3 Expediente 2023/C003/000002. Proposta de aprobación da certificación núm. 7 e final da obra “Servizos e pavimentación no barrio Campo e estación de bombeo de augas residuais en Ponteceso”

A secretaria le a proposta.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

“ASUNTO: APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 7 E FINAL DA OBRA: SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO E ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS EN PONTECESO.

EXPEDIENTE: 2024/G006/000053

ANTECEDENTES:

- Expediente de contratación da obra: SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO E ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS EN PONTECESO, financiada pola Deputación provincial mediante o POS+2023 e adxudicada á empresa MANTIDO, S.L., co CIF B15819642. Expdte. 2023/C003/000002
- Certificación SÉTIMA E FINAL da obra de referencia, expedida polo técnico director da mesma, Rubén Calvarro Rivadulla, e asinada polo representante da empresa contratista, Martín Castiñeira Pérez, por importe de 3.731,41 € .
- Acta de recepción de data 15/10/2024.
- Visto informe de fiscalización emitido pola intervención municipal que obra no expediente de data 24 de outubro de 2024, con referencia MGM.24.10.24.3.
- Visto que de conformidade co disposto no art. 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e o establecido no prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación: “Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo previsto na lei”.

É polo que esta Alcaldía, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a certificación sétima e final da obra da obra: SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO E ESTACIÓN DE BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS EN PONTECESO, por importe de 3.731,41 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2024.1532.23V.61900.

REXISTRO CONTABLE FACTURA: NÚM. E DATA	F/2024/1913, do 07/10/2024
FACTURA: NÚM. E DATA	065Emit- 304, do 07/10/2024
CONTRATISTA	MANTIDO, S.L. , CIF B15819642
CONCEPTO	Certificación núm. 7 da obra: SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN NO BARRIO CAMPO E ESTACIÓN DE



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

	BOMBEO DE AUGAS RESIDUAIS EN PONTECESO
IMPORTE	3.731,41 €

Segundo.- Ordenar o pago.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao servizo de Intervención-Tesourería.

En Ponteceso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde José Manuel Mato Martínez “

Sometida a votación a Xunta de Goberno Local acorda aprobar por catro votos a favor a proposta presentada

4. Expediente 2022/C003/000005. Proposta de aprobación da certificación núm. 5 e final da obra “Ampliación do abastecemento na parroquia de Langueirón (Langueirón, Os Melcos, A Carrasqueira)

A secretaria le a proposta.

“**ASUNTO:** APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN 5ª E FINAL DA OBRA AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (LANGUEIRÓN, OS MELCOS, A CARRASQUEIRA).

EXPEDIENTE: 2024/G006/000051

ANTECEDENTES:

- Expediente de contratación da obra: AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (LANGUEIRÓN, OS MELCOS, A CARRASQUEIRA), financiada pola Deputación provincial mediante o POS+ADICIONAL 2/2022 e adxudicada á empresa HORDESCON, S.L. co CIF B32108334. Expdte.: 2022/C003/000005
- Certificación QUINTA e final da obra de referencia, expedida polo técnico director da mesma, Pablo Blanco Ferreiro, e asinada pola representante da empresa contratista, María Dolores Blanco Quintas, por importe de 14.723,95 €.
- Acta de recepción de data 25/09/2024.
- Visto informe de fiscalización emitido pola intervención municipal que obra no expediente de data 24 de outubro de 2024, con referencia MGM.24.10.24.1



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- Visto que de conformidade co disposto no art. 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e o establecido no prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación: “Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo previsto na lei”.

É polo que esta Alcaldía, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a certificación quinta e final da obra “AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (LANGUEIRÓN, OS MELCOS, A CARRASQUEIRA), financiada pola Deputación provincial mediante o POS+ADICIONAL 2/2022, con cargo á aplicación orzamentaria 2024.160.23K.62300, por importe de 14.723,95 €

REXISTRO CONTABLE	F/2024/1449, do 30/07/2024
FACTURA: NÚM. E DATA	
FACTURA: NÚM. E DATA	FE24 27, do 30/07/2024
CONTRATISTA	HORDESCON, S.L., CIF B32108334
CONCEPTO	Certificación núm. 5 da obra: AMPLIACIÓN DO ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE LANGUEIRÓN (LANGUEIRÓN, OS MELCOS, A CARRASQUEIRA).
IMPORTE	14.723,95 €

Segundo.- Ordenar o pago.

Terceiro.- Dar traslado do presente ao servizo de Intervención-Tesourería.

En Ponteceso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde José Manuel Mato Martínez“

Sometida a votación a Xunta de Goberno Local acorda aprobar por catro votos a favor a proposta presentada.

Non hai máis asuntos



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O presidente remata a sesión ás 11:30 h e eu redacto esta acta como secretaria.

*Documento asinado dixitalmente o día e polas que constan na marxe.